



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: VIAXE CULTURAL: Actos de conmemoración do Día das Letras Galegas

CONVOCATORIA: Actos de conmemoración do Día das Letras Galegas 2025

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Lingua galega

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	1
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓCURSO

A Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas de 2025 á poesía popular oral, personificado en Adolfinia e Rosa Casás Rama, Eva Castiñeiras Santos; e Manuela Lema Villar, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameijende, integrantes estas catro das Pandeireteiras de Mens. Con esta elección quérese recoñecer a herdanza cultural das cantareiras e o seu papel na conservación do idioma galego ao logo da historia.

A EGAP, como institución pública galega, súmase á súa homenaxe organizando un acto conmemorativo, así como unha viaxe de interese cultural.

DESTINATARIOS

Á viaxe cultural terá acceso só o persoal empregado público ao servizo de calquera das administracións públicas de Galicia (ata 50 prazas). No caso de presentárense máis solicitudes que prazas, terá preferencia o persoal ao servizo da Administración da Xunta de Galicia.

PROGRAMA

Con posterioridade ao acto conmemorativo realizarase unha viaxe de interese cultural o día 18 de maio.

ITINERARIO:

Santiago de Compostela – Malpica- Muxía - Santiago de Compostela

PROGRAMA DA VIAXE – HORARIOS ESTIMADOS:

10:30 Recollida do grupo na EGAP, Santiago de Compostela cara a Malpica (45 minutos).

11:15 Chegada a Malpica. Visita á vila, cunha duración aproximada de 45 minutos.

12:15 Saída cara a Muxía (60 minutos).

13:15 Chegada a Muxía. Visita á vila, cunha duración aproximada de 45 minutos.

14:00 Comida nun restaurante da zona.

16:00 Saída cara a Santiago de Compostela (70 minutos).

17:15 Chegada a Santiago de Compostela.

O programa da viaxe de interese cultural poderanse consultar na páxina web da EGAP (<https://egap.xunta.gal/>).

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A inscrición na viaxe implica necesariamente a asistencia previa ao acto conmemorativo. A selección das persoas participantes na viaxe cultural realizarase tendo en conta a orde de inscrición.

Na epígrafe desta actividade da páxina web da EGAP (<https://egap.xunta.gal/>) publicarase a listaxe de persoas seleccionadas, en reserva, no caso de que o número de solicitudes fose superior ao número de prazas, e, de ser o caso, as persoas excluídas nesta actividade, de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Unha vez formalizada a inscrición no acto literario, as persoas interesadas en participar na viaxe cultural deberán, ademais, enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, no que debe indicarse o nome, apelidos e datos de contacto, así como o seu vínculo de pertenza a calquera das administracións públicas de Galicia.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago

INICIO / FIN: 18/05/2025 a 18/05/2025

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Saída da EGAP, Santiago de Compostela:

Recollida do grupo na esquina da rúa Madrid coa rúa Londres, no lateral da EGAP, Santiago de Compostela.